



# O CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

## Limiar

**U**nha vez xustificada a axuda da Xunta para a compra dun proxector e recibido o 50% do importe do mesmo mercámolo. Esperamos darlle uso con proxeccións variadas.

Recentemente tivemos no pobo varias xuntanzas respecto á posibilidade de instalar unha antena de telefonía móbil no pobo, preto do campo de fútbol. Despois de garantir as revisións legais relacionadas coa saúde, a Comunidade de Montes asinou o convenio que permitirá solucionar un dos problemas de comunicacións do pobo. Para aqueles que teñan aínda dúbidas fixemos unha recompilación de documentación referida á saúde e ás antenas, que está á vosa disposición. Todos os informes actuais apuntan a que, co nivel de emisión legalmente permitido, non hai perigo para a saúde humana.



Porén, esta antena non soluciona, polo de agora, os problemas de acceso a Internet. Mais as xestións realizadas ante os líderes políticos locais de tódolos partidos, durante a campaña electoral municipal deron o seu froito. Así, despois do informe sobre as carencias en Telecomunicacións que lle enviamos a Roberto Mera, fomos incluídos, a solicitude do BNG, nun programa piloto de acceso a Internet para núcleos rurais con dificultades de acceso, baseado en Wimax, unha evolución avanzada da Wifi (redes sen fíos), pero con máis potencia. Este programa o leva a cabo a Dirección Xeral de Promoción

Industrial e da Sociedade da Información e desenvolverase en 14 puntos da xeografía galega. Implica a sinatura dun convenio no que a Consellería de Industria farase cargo da instalación, tanto da antena emisora como das instalacións necesarias para que se poida acceder a Internet desde cada vivenda, así como da instalación dunha aula informática con 6 ordenadores e un servidor e unha impresora. Mentres, o Concello de Pontearreas comprométese a proporcionar e axeitar o local para dita aula. Neste caso, aproveitando que a Casa Cultural xa é do Concello, vaise habilitar a aula no local onde tiñamos o futbolín. Nestes días están xa técnicos da empresa concesionaria realizando as instalacións necesarias. Proximamente o Concello enviará un albanel, un fontaneiro e un electricista para pintar e adecuar o local, e aportará o mobiliario necesario para desenvolver a actividade. Temos tamén que agradecer a rapidez e dispoñibilidade da concellería que dirixe Alberto Novoa para facerse cargo destas actuacións.



(segue en páxina 5)

### Neste exemplar:

- 1 Limiar
- 2 Programación trimestral
- 4 Receita • Colaboración literaria (por Mary Carballido)
- 5 Limiar (continuación)
- 6 Actividades realizadas

# PROGRAMACIÓN CULTURAL

## Asemblea anual



Ao rematar a asemblea degustaremos pratos feitos con "contraste de sabores" realizados polos socios e socias.

Sábado, 12 de xaneiro, ás 17'00 horas, en primeira convocatoria e ás 17'30 horas, en segunda.

Domingo, 13 de xaneiro, ás 09'00 horas

## Sementeira



Empezamos un segundo ciclo do centeo coa sementeira. Este ano esperamos poder moer, despois da malla, nos muíños restaurados.

## Bingo



Teremos ocasión de participar no tradicional bingo do Nadal.

Domingo, 13 de xaneiro, ás 16'30 horas

## 1º TRIMESTRE 2008

**Limpeza dos muíños**

**Domingo, 20 de xaneiro, ás 9'00 horas**

Ademáis da inestimable colaboración da Comunidade de Montes temos que facer unha limpeza de plásticos tanto do contorno como da propia canle do regueiro. Asemade, tamén compre ir limpando as canles dos muíños. Cantos máis sexamos máis pronto remataremos.

**Domingo, 3 de febreiro,  
en Couso, hora por  
determinar**

**Domingo, 10 de febreiro,  
en Guláns, hora por  
determinar**

**Entroido**

Este ano chega cedo o entroido e hai que estar preparado. Concurso de disfraces e charangas nos esperan.

**Festa do Pote**

Un ano máis pondremos os potes a funcionar para destilar augardente de primeira calidade.

**Mércores, 19 de  
marzo**

## Receita

### CAKE DE IBERICOS



#### Ingredientes:

4 ovos  
 1 yogur natural  
 3 medidas de yogur de fariña  
 1 medida de yogur de queixo rallado  
 $\frac{3}{4}$  de medida de aceite de oliva  
 1 cucharada de levadura  
 xamón ibérico a dadinhos pequenos  
 salchichón e chourizo ibérico a dadinhos pequenos  
 sal e pimenta

#### Elaboración:

Bater os ovos co queixo rallado, sal e pimenta, engadir o yogur e seguir batendo.

Botar o aceite e a fariña tamizada coa levadura, cando estea todo ben mesturado, engadimos os trociños de ibéricos.

Botamos nun molde engrasado e ao forno a 180° durante uns 40 minutos aprox.

Esperar que enfríe e desmoldar

É PREFERIBLE QUEDARSE UN POUQUIÑO CORTA NO ACEITE, XA QUE O IBÉRICO SOLTA BASTANTE GRASA E PODESE NOS QUEDAR DEMASIADO GRASIENTO.

Proporcionada por Montse Groba

## Os nenos son nenos

Xoana perderá a súa mai por o Nadal, tiña unha tristura que non a deixaba levantar cachola, pero a vida seguía e aquela mañá do oito de Xaneiro colleu alento e púxose a facer limpeza, empezou polo cuarto de Tomas, o seu fillo de cinco anos, un meniño moi bo e agradecido polo que Xoana daba a vida.



O cuarto estaba patas arriba, o collela roupa atopouse cunha folla escrita por Tomas:

*Meus queridos Reis Magos:*

*Este ano na miña casa temos moita tristura morreu miña avoa con ela eu escribía sempre a miña carta dos vosos agasallos pero este ano non puido ser, eu tamén estou triste a miña avoa era moi boa e eu quería moito, tedes que perdoarme pero eu tamén estou moi triste co cal non vos vou escribir nin pedir nada, pero prometo seguir sendo bo todo o ano.*

*Para o ano que ven xa miraremos se acabou a tristura.*

*Tomas.*



A Xoana case lle da algo esquecera os agasallos do seu fillo Tomas, ela que o quería tanto esquecera que non so ela tiña dor, Xoana sabia de sobra que o seu fillo quería moito a avoa entón non o dubidou.

*Noso querido neno Tomas:*

*Por Nadal deixáchesnos unha carta na que non pedías nada solo te escusabas por non podela escribir coa túa avoa, pero como sabemos que fuches un neniño moi bo deixámosche unha bicicleta que seguríño que tiñas voas ganas de tela, e recorda que para o ano que ben tes que dicirlle a túa mai que che axude a escribirla carta, ela quérete moito pero as veces esquece que os nenos son nenos.*

*Ata o ano que ven.*

*Melchor, Gaspar e Baltasar.*



Mari Carballido

## Limiar (continuación)

É unha inversión moi grande que nos vai trasladar do máis fondo da brecha dixital a ser un referente no acceso a Internet no rural. Esta mesma antena vai dar solución tamén ao problema da telefonía fixa, permitindo o abandono dos desfasados TRAC's.

Compre agradecer tamén, unha vez máis, a dispoñibilidade da Comunidade de Montes de Couso, que puxo inmediatamente a disposición da Consellería os terreos necesarios para a instalación da antena.

Estamos a traballar na elaboración dunha páxina web para todo Couso ([www.cousodegulans.com](http://www.cousodegulans.com)) que esperamos inaugurar o tempo que se inauguren estas instalacións.



Noutra orde de cousas entramos na recta final do proxecto de rehabilitación dos muíños e, nestes dous trimestres que quedan, temos que estar adicados ás actuacións necesarias para o seu remate, posto que hai que xustificar tódalas obras antes do 25 de xuño de 2008.

Pedimos a vosa comprensión e participación, xa que somos poucos os que estamos a levar o peso de todas estas actuacións que, sen dúbida, resultarán moi beneficiosas para darlle a Couso o pulo e o recoñecemento que merece. Isto son traballos voluntarios e cada quen aporta en función da súa dispoñibilidade, pero nestes intres agradécese cada minuto de colaboración. A organización de actividades na Cultural non é tan fluída por falta de tempo material para preparar actividades que, lamentablemente, en ocasións non teñen o nivel de participación que cabería esperar en reciprocidade.

Finalmente, vos informamos que fomos convocados a unhas xuntanzas para constituír unha Federación de Asociacións Veciñais en Ponteareas. Neste momentos hai unha comisión xestora que está a preparar un borrador dos posibles estatutos, para, posteriormente, sometelos á aprobación das organizacións participantes. Nesta comisión está Caty Carballido.

## Actividades realizadas



O domingo, 11 de novembro, celebrouse a festividade de San Martiño co tradicional magosto amenizado coa actuación dun grupo de gaiteros de Alxén. As castañas preparáronse por dous sistemas: no buio e no bidón. Como novidade tivemos ocasión de degustar as tartas de castañas do Courel.



O domingo, 30 de decembro, celebrouse o festival de Nadal, con teatro, actuacións musicais e informativos de TeleCouso. Tamén houbo sorteo do xamón.



O luns, 31 de decembro, a partires das 24'00 horas, chocolate para todos.

Feliz 2008